



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito: Dereito constitucional I

Materia	Dereito: Dereito constitucional I			
Código	O03G080V01101			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Gonzalez-Ares Fernandez, Jose Agustin			
Profesorado	Gonzalez-Ares Fernandez, Jose Agustin Mosquera Casero, Jose			
Correo-e	ares@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O Dereito constitucional I (un dos dous bloques nos que se estrutura a docencia de Dereito constitucional) céntrase basicamente no estudo dos seguintes puntos: teoría da Constitución; constitucionalismo histórico español; principios ordenadores do sistema constitucional; fontes do Dereito; descentralización territorial do poder e estrutura, composición e funcionamento dos órganos constitucionais (Coroa, Cortes Xerais, poder executivo, poder xudicial e Tribunal Constitucional).			

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer as principais institucións xurídicas
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais
A3	Comprender o carácter unitario do ordenamento xurídico
A4	Coñecer os principios e valores constitucionais
A5	Apreciar a diversidade e a multiculturalidade
A6	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
A7	Coñecer as estruturas sociopolíticas do ámbito nacional e internacional
A8	Ser quen de argumentar xuridicamente
A9	Ser quen de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
A10	Ser quen de aprehender sistematicamente o ordenamento xurídico
A11	Ser quen de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
A12	Ser quen de manexar fontes xurídicas
A13	Ser quen de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico
A14	Ser quen de comprender e de redactar documentos xurídicos
A15	Ser quen de manexar a oratoria xurídica
A16	Ser quen de dominar as novas tecnoloxías aplicadas ao dereito
A17	Ser quen de elaborar normas
A18	Ser quen de negociar e mediar
B1	Capacidade de síntese e análise
B2	Capacidade de aprender
B3	Capacidade de xestión da información
B4	Capacidade de adaptarse a novas situacións
B5	Capacidade para organizar e planificar
B6	Resolver problemas de forma eficaz
B7	Aplicar pensamento crítico, lóxico e creativo
B8	Traballar de forma autónoma con iniciativa
B9	Traballar de forma cooperativa
B10	Preocupación pola calidade
B11	Comportarse de forma ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
B12	Comunicarse de xeito efectivo nun entorno de traballo (habilidades nas relacións interpersoais)

Competencias de materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Capacidade de síntese e análise	B1
Capacidade de aprender	B2
Capacidade de xestión da información	B3
Capacidade de adaptarse a novas situacións	B4
Capacidade para organizar e planificar	B5
Resolver problemas de forma eficaz	B6
Aplicar pensamento crítico, lóxico e creativo	B7
Traballar de forma autónoma con iniciativa	B8
Traballar de forma cooperativa	B9
Preocupación pola calidade	B10
Comportarse de forma ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional	B11
Comunicarse de xeito efectivo nun entorno de traballo (habilidades nas relacións interpersoais)	B12
Traballar desde unha perspectiva comparada, manexando información comparada	B13
Coñecer as principais institucións xurídicas	A1
Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais	A2
Comprender o carácter unitario do ordenamento xurídico	A3
Coñecer os principios e valores constitucionais	A4
Apreciar a diversidade e a multiculturalidade	A5
Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual	A6
Coñecer as estruturas sociopolíticas do ámbito nacional e internacional	A7
Ser quen de argumentar xuridicamente	A8
Ser quen de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica	A9
Ser quen de apreender sistematicamente o ordenamento xurídico	A10
Ser quen de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar	A11
Ser quen de manexar fontes xurídicas	A12
Ser quen de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico	A13
Ser quen de comprender e de redactar documentos xurídicos	A14
Ser quen de manexar a oratoria xurídica	A15
Ser quen de dominar as novas tecnoloxías aplicadas ao dereito	A16
Ser quen de elaborar normas	A17
Ser quen de negociar e mediar	A18

Contidos

Tema	
1. Dereito constitucional	Orixes e evolución do constitucionalismo. Modelos de Dereito constitucional.
2. Historia do constitucionalismo español e a Constitución española de 1978	Textos constitucionais do século XIX. A Constitución de 1931. As Leis Fundamentais do franquismo. A Constitución de 1978.
3. O sistema constitucional de produción do Dereito	Dereito Constitucional e ordenamento xurídico.
4. A Constitución como norma xurídica superior	O valor normativo da Constitución. Principio de xerarquía normativa e Constitución como norma xurídica superior.
5. As garantías da supremacía da Constitución	Concepto. O control de constitucionalidade da lei. A reforma da Constitución.
6. O Tribunal Constitucional	Composición, funcións e competencias.
7. Fontes do Dereito	Tipos de leis. Normas con rango de lei. O Dereito autonómico: o bloque de constitucionalidade.
8. Organización territorial do Estado	A Administración local na Constitución: Municipios e provincias. As comunidades autónomas. Relación entre o Estado e as Comunidades Autónomas: repartición de competencias. O Estatuto de Autonomía para Galicia.
9. O Dereito da Unión Europea no ordenamento xurídico español	O Dereito europeo na Constitución.
10. Teoría do Estado	Definición do concepto de Estado e elementos constitutivos. Estado liberal e Estado democrático. Estado e Constitución: o Estado social e democrático de Dereito.
11. Os poderes constitucionais do Estado (1)	A Coroa.
12. Os poderes constitucionais do Estado (2)	As Cortes Xerais. O Goberno. O principio de responsabilidade política e as relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. A Administración Pública.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	12	0	12
Estudo de casos/análises de situacións	0	23	23
Traballos de aula	24	0	24
Traballos tutelados	0	23.2	23.2
Sesión maxistral	40	0	40
Titoría en grupo	2.8	0	2.8
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	58	60
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	0	30	30
Traballos e proxectos	0	10	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formulación, análise e resolución de exercicios prácticos relacionados coa temática da materia. Realizaranse de forma autónoma por parte do alumnado.
Estudo de casos/análises de situacións	Lectura e análise de documentos xurídicos ou casos prácticos reais, coa finalidade de que o alumno complete coñecementos, reflexione sobre o particular e interprete e xere as hipóteses que considere oportunas.
Traballos de aula	O alumno realiza traballos prácticos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor.
Traballos tutelados	Actividade autónoma do estudante que, de forma individual ou en grupo, elabora un traballo escrito sobre algún tema da materia que o docente considera que debe ser obxecto dun estudo pormenorizado ou sobre algunha lectura indicada previamente por este. Os estudantes adquirirán pericia na busca de información, na redacción de documentos e na lectura e manexo de bibliografía.
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos referentes á materia obxecto de estudo.
Titoría en grupo	Reunións que o alumno mantén co profesor da materia para recibir asesoramento sobre o desenvolvemento daquelas actividades que o estudante debe realizar de forma autónoma, e para formular as dúbidas que sobre a materia obxecto de estudo se lle poidan formular no proceso de ensino-aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Mediante as titorías en grupo solucionaranse as dúbidas que o estudo da materia lles poida formular aos estudantes. Os estudantes serán asesorados sobre o procedemento para a resolución de casos prácticos e recomendaránselles lecturas complementarias. Así mesmo, facilitaráselles aos alumnos unha atención personalizada dirixida a titorizar a realización dos traballos que han desenvolver estes, indicándolles as directrices que deben seguir, bibliografía relacionada co asunto obxecto de estudo, forma de presentación, etc.
Titoría en grupo	Mediante as titorías en grupo solucionaranse as dúbidas que o estudo da materia lles poida formular aos estudantes. Os estudantes serán asesorados sobre o procedemento para a resolución de casos prácticos e recomendaránselles lecturas complementarias. Así mesmo, facilitaráselles aos alumnos unha atención personalizada dirixida a titorizar a realización dos traballos que han desenvolver estes, indicándolles as directrices que deben seguir, bibliografía relacionada co asunto obxecto de estudo, forma de presentación, etc.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Proba para a avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de xeito directo e breve en función dos coñecementos que teñen sobre a materia. A devandita proba realizarase ao final do cuadrimestre.	60
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos para resolver. Os alumnos deben responder á actividade suscitada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.	20

Traballos e proxectos	O estudante presenta, de forma oral ou escrita, o resultado obtido na elaboración dun documento sobre algún dos temas da materia, podendo tratarse tamén do resumo dalgunha lectura de especial interese para a mellora dos coñecementos dos alumnos.	20
-----------------------	---	----

Outros comentarios sobre a Avaliación

Aqueles alumnos que, por circunstancias persoais ou profesionais, non poidan participar de maneira presencial no desenvolvemento do curso poderán presentar por escrito os diferentes traballos realizados ao mesmo tempo que os asistentes. Isto suporalles un 50% da avaliación final e a proba de resposta longa o outro 50% da avaliación final.

Aqueles alumnos que non poidan participar no desenvolvemento do curso de maneira presencial terán unha avaliación final que implicará o desenvolvemento por escrito de dúas preguntas longas que se incluírán no programa e suporán o 80% da avaliación e una pregunta práctica que suporá o 20% da avaliación.

Tanto estes últimos alumnos como os anteriores gozarán de atención personalizada nas titorías individualizadas (previa cita) cando así o desexen.

Na segunda oportunidade (xullo) diferenciaranse as seguintes modalidades:

a) Para os alumnos presenciais: terán que ser avaliados daquela parte da programación docente que non superasen durante o curso. b) Para aqueles alumnos que participan, aínda que non o fan de maneira presencial na súa totalidade: terán que superar aquela parte da programación docente que non superasen. c) Para aqueles alumnos que se presentasen unicamente a unha avaliación final e non a superasen: deberán repetir esa mesma modalidade de avaliación na súa totalidade.

Bibliografía. Fontes de información

ÁLVAREZ VÉLEZ, M. I. (coord.): *Manual de Derecho Constitucional*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2008.

PÉREZ ROYO, J.: *Curso de Derecho Constitucional*, Marcial Pons, Madrid, 2007.

ÁLVAREZ CONDE, E.: *Curso de Derecho Constitucional. Vol. II. Los órganos constitucionales. El Estado autonómico*, 6ª ed. Tecnos, Madrid, 2008.

BLANCO VALDÉS, R. L.: *La Constitución de 1978*, Alianza, Madrid, 2003.

DÍEZ-PICAZO JIMÉNEZ, L. M.: *Constitucionalismo de la Unión Europea*, Civitas, Madrid, 2002.

GONZÁLEZ-ARES, J. A.: *Introducción al estudio del constitucionalismo español (1808-1975)*, 4ª ed. (amp. y rev.), Tórculo, Santiago de Compostela, 2003.

JIMÉNEZ ASENSIO, R.: *El constitucionalismo: proceso de formación y fundamentos del Derecho Constitucional*, 3ª ed., Marcial Pons, Madrid, 2005.

MOLAS, I.: *Derecho Constitucional*, Tecnos, Madrid, 2008.

OLIVER LEÓN, B.: *Monarquía y Estado constitucional: la institución monárquica en el proceso de consolidación del Estado constitucional*, Tecnos, Madrid, 2002.

TRUJILLO FERNÁNDEZ, G.: *Lecciones de Derecho Constitucional Autonómico*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2004.

GONZÁLEZ-ARES, J. A.: *Leyes constitucionales españolas (1808-1978)*, Andavira Editora, 2ª ed., Santiago de Compostela, 2010.

RECURSOS EN INTERNET

<http://www.boe.es>

Diario Oficial de la Unión Europea: Congreso de los Diputados: Poder Judicial: <http://www.poderjudicial.es>

<http://www.senado.es>

<http://www.tribunalconstitucional.es>

<http://www.xunta.es>

www.cepc.es

<http://www.aelpa.org>

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dereito: Dereito constitucional II/O03G080V01201

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Derecho: Derecho romano/O03G080V01102

Dereito: Teoría do dereito/O03G080V01104